



CONCELLO DE CHANTADA

Proposta da Alcaldía

Expediente Nº 1361/2023

Asunto: Modificación orzamentaria 42/2023, mediante Suplemento de Crédito 02/2023.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos dentro do vixente orzamento do ano 2023, consistente nun suplemento de crédito por importe de 57.617,44 €.

Sendo necesario dotar de consignación orzamentaria suficiente para política de gasto 33- cultura debe efectuarse un suplemento de crédito con cargo a liquidación definitiva da participación dos tributos do Estado do exercicio 2021 por importe de 57.617,44 € na partida orzamentaria 420.00.

Visto o informe da Intervención.

De conformidade co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os artigos 35 a 38 do Real Decreto 500/1990 e a base 12 das Bases de Execución do Orzamento para 2023, propoño a seguinte modificación orzamentaria.

PROPOÑO AO PLENO O SEGUINTE ACORDO

1. Que se proceda á aprobación inicial polo Pleno do SUPLEMENTO DE CRÉDITO 02/2023 por importe de 57.617,44 €, conforme ao seguinte detalle:

INCREMENTO DE INGRESOS

Concepto	Destino	Importe
420.00	PTE-LIQUIDACION DEFINITIVA 2021	57.617,44 €

INCREMENTO DO GASTO

Aplicación orzamentaria	Denominación	Importe
338.227.99	OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	57.617,44 €

- 2.- Exposición pública do expediente por un prazo de quince días, previo anuncio no Boletín Oficial da provincia.
- 3.-Aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións. Noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- 4.-Publicación do expediente, resumido por capítulos, no Boletín oficial da provincia.

Chantada, na data da sinatura do documento no 2023.

O ALCALDE ,

A/ Manuel L. Varela Rodríguez.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

CONCELLO DE CHANTADA

